



DATOS IDENTIFICATIVOS

Psicología: Psicología social

Materia	Psicología: Psicología social			
Código	O05G130V01301			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Barreiros de la Torre, Delmiro			
Profesorado	Barreiros de la Torre, Delmiro			
Correo-e	dbarreiros@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral A Psicología Social constitúe unha disciplina ponte entre a Psicología Xeral e a Socioloxía que aborda procesos que teñen que ver coas relacións interpersoais, coa interacción e influencia social a diferente nivel (interindividual, grupal, organizacional, comunitario e social). Trata de articular o nivel individual e social ao estudar fenómenos que son simultaneamente psicolóxicos e sociais, tendo como referente a determinación mutua entre procesos mentais e sociedade: é o característico do enfoque psicossocial. A materia de Psicología Social ofrece contribucións relevantes a nivel teórico, metodolóxico, así como práctico de cara ao curriculum formativo en Educación Social, na medida en que trata temas que teñen que ver cos procesos psicossociais básicos que subxacen ao comportamento social (as bases nas que se asenta ese comportamento, a percepción e cognición social, relacións sociais, comunicación, comportamento prosocial e agresivo, etc.), as actitudes, os grupos, e as organizacións.

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Transmitir, promover e desenvolver a cultura
B2	Xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais
B3	Intervir como mediador social, cultural e educativo
B4	Coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos
B5	Deseñar, implementar e avaliar programas e proxectos socioeducativos
B6	Xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos
C1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, legislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
C5	Coñecer os fundamentos do deseño e uso dos medios, recursos e estratexias para a intervención socioeducativa e incorporalos nos diferentes ámbitos de acción socioeducativa
C8	Potenciar estruturas e procesos de participación e acción comunitaria, aplicando programas e técnicas de intervención (dinámica de grupos, motivación, negociación e promoción da asertividade...)
C9	Desenvolver programas e proxectos no contexto familiar e escolar
C11	Organizar e administrar proxectos e servizos culturais, ambientais, de lecer e tempo libre

C12	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento
C13	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención no ámbito cultural
C14	Deseñar, aplicar e avaliar programas de educación permanente e de persoas adultas e anciás
C15	Deseñar, aplicar e avaliar programas para a inserción social e laboral
D1	Capacidade de análise e síntese
D4	Utilización das TIC no ámbito de estudo e contexto profesional
D7	Dominio de metodoloxías e técnicas educativas, dinamizadoras de asesoramento e orientación

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Que o alumnado sexa capaz de integrar críticamente os conceptos, marcos teóricos e metodoloxía psicosocial que están na base dos procesos de intervención socioeducativa.	A1 A4 A5	B4	C1	D1 D4
Que o alumnado sexa capaz de analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos e de promover a mediación na prevención e resolución de conflitos	A1 A3 A4 A5	B3 B4	C1 C5	D1
Que os estudantes coñezan os fundamentos do deseño de recursos e estratexias para a intervención socioeducativa, así como o desenvolvemento, xestión e avaliación de proxectos e servicios socioeducativos para diferentes contextos	A1 A2 A4 A5	B4 B5	C5 C9 C11 C12 C13 C14 C15	D1
Que sexan capaces de comprender a traxectoria da educación social e asumir e orientarse dacordo con valores de igualdade e cidadanía democrática	A4 A5	B4	C1	D1 D4
Que saiban potenciar estruturas e procesos de participación e acción comunitaria, aplicando programas e técnicas de intervención (dinámica de grupos, motivación, negociación e promoción da asertividade...)	A1 A2 A4 A5	B1 B2 B4 B6	C8	D7

Contidos

Tema	
Introducción	Psicoloxía Social e Educación Social. O enfoque psicosocial como ponte entre o enfoque psicolóxico e o sociolóxico.
Procesos psicosociais básicos	Socialización e aprendizaxe social. O coñecemento social das persoas: percepción social, cognición social e procesos de atribución. Relacións interpersonais e comunicación: comunicación verbal e non verbal. Niveis de comunicación.
Relacións interpersonais e procesos de atracción:	Afiliación. Atracción interpersoal. Comportamento altruista.
Relacións interpersonais e procesos de rechazo	Estereotipos, prexuízos e discriminación. Agresión.
Actitudes e influencia social	Actitudes: estrutura, formación, medición, cambio. Procesos de influencia social: maioritaria e minoritaria .
Grupos e comportamento colectivo	Introducción á Psicoloxía Social dos grupos. Psicoloxía Social do comportamento colectivo

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	20	38	58
Seminario	14	8	22
Traballo tutelado	0	30	30
Seminario	4	0	4
Presentación	3	9	12
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	10	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Cartafol/dossier	0	10	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividadees encamiñadas a presentar a materia e o plan de traballo individual e en grupo.
Lección maxistral	Exposición dos contidos teóricos da materia na aula por parte do profesor
Seminario	Prácticas guiadas nas que se aborda un tema monográfico, que serve para ampliación dos contidos tratados nas sesións maxistrais.
Traballo tutelado	Traballos que fai o alumnado de maneira autónoma fora da aula, tras a conseguinte planificación, supervisión e seguimento por parte do profesor
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de traballos e do proceso de aprendizaxe.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Tempo reservado polo docente para atender e resolver as dúbidas do alumnado tanto en grupo na aula como no despacho ou gabinete, atendendo ás necesidades específicas de cada alumno/a. Ademais da atención persoalizada na aula e no despacho tamén se manterá contacto persoalizado a través de internet, tanto por correo electrónico como a través de MOOVi de ensino virtual onde temos carpetas grupais e individuais nas que facemos un seguimento do traballo realizado polo alumnado ao longo do tempo.
Seminario	Titoría en grupo Tempo reservado polo docente para atender e resolver as dúbidas do alumnado tanto en grupo na aula como no despacho ou gabinete, atendendo ás necesidades específicas de cada alumno/a. Ademais da atención persoalizada na aula e no despacho tamén se manterá contacto persoalizado a través de internet, tanto por correo electrónico como a través de MOOVi de ensino virtual onde temos carpetas grupais e individuais nas que facemos un seguimento do traballo realizado polo alumnado ao longo do tempo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Avaliación da temática teórica exposta polo profesor na aula mediante probas que combinen preguntas de resposta curta con preguntas tipo test. Débese acadar un nivel medio como mínimo para poder sumar a puntuación dos outros apartados e facer a media.	40	A1 B1 C1 D1 A4 B4 C5 D4
Seminario	Avaliación de actividades prácticas de carácter monográfico de aula mediante informes/memorias individualizadas que impliquen a descrición da actividade realizada na aula e reflexión sobre a súa vinculación coa materia e titulación	15	A2 B2 C1 A3 B3 C5 A5 B4 C8 B5 C9 B6 C11 C13
Traballo tutelado	Avaliación do traballo monográfico relacionado coa materia que o/a estudante/a realiza de maneira autónoma en grupo, de xeito cooperativo e baixo a supervisión do profesor. Este traballo combinará unha parte individual e outra grupal. Ademais da estrutura e contido se avaliará a presentación do traballo ou proxecto. O traballo inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción e presentación, manexo das TIC e a Plataforma TEMA. A presentación final dos traballos faraa cada grupo diante de todos os demais grupos en horario reservado para as últimas sesións maxistrais, cando está reunido o gran grupo, e farase avaliación e coevaluacións desas presentacións.	30	A2 B4 C1 D1 A3 C5 D4 A5 C12 C13 C14 C15
Presentación	A avaliación das exposicións súmase aos traballos tutelados, dos que forma parte, e terase en conta a relevancia dos contidos tratados, a coherencia, claridade e atractivo da exposición	15	A4 B4 D1 D4 D7

Outros comentarios sobre a Avaliación

Observacións

a. En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

b. Para as materias que forman parte do curso ponte, debería incluírse unha referencia específica para ter en consideración a especificidade e experiencia profesional deste colectivo: Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponte ou profesionais en exercicio .

Avaliación

Alumnado Non Presencial que non poida seguir actividades de aula de xeito regular: criterios similares aos da modalidade presencial coa salvedade de que como non participan nas actividades prácticas de aula compensarán éstas con un traballo adicional práctico ademais do teórico. A súa avaliación basearase en: examen que combina preguntas de tipo test con preguntas curtas sobre material impreso vinculado con temario que se lle indicará oportunamente nun traballo teórico (25% máximo da calificación), un traballo práctico (25% máximo da calificación), ambos planificados previamente de acordo co profesor. Para facer a media dos traballos co exame haberá que ter aprobado éste.

O alumnado de modalidade presencial que non alcance o 70% de asistencia nos controis que se fagan nas sesións teórico-prácticas, enténdese que pasará á modalidade de tipo non presencial.

Segunda Convocatoria (Xullo): se conservarán para a Convocatoria de Xullo as calificacións das competencias e probas superadas en convocatorias previas, examinándose o alumnado só das competencias e probas non superadas anteriormente.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico .

Nota: data oficial de exame do 1º Período/Cuatrimestre (ver Taboleiro Titulación ou web da Facultade para saber día, hora e aula, e data revisión). <http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php>

Examen convocatoria de xullo: (ver Taboleiro Titulación ou web da Facultade para saber día, hora e aula, e data revisión): <http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Baron, R.A. e Byrne, D., **Psicología Social**, Pearson, 2005

Cuadrado, I., Fernández, I., **Psicología Social**, Sanz y Torres, 2007

Sabucedo, J.M., Morales, J.F., **Psicología Social**, Panamericana, 2015

Gómez, A., Gaviria, E., Fernández, I., **Psicología Social**, Sanz y Torres, 2006

Bibliografía Complementaria

Worchel, S., Cooper, J., Goethals, G.R., Olson, J.M., **Psicología Social**, Thompson, 2003

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Dinámica de grupos e intervención psicosocial comunitaria/O05G130V01905

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Estratexías de aprendizaxe en contextos socioeducativos/O05G130V01403

Habilidades sociais en educación social/O05G130V01404

Avaliación de programas socioeducativos/O05G130V01901

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento/O05G130V01102

Outros comentarios

Recomendacións, outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

Recoméndase entregar a ficha dentro das dúas primeiras semanas de clase así como conectarse á plataforma MOOVI onde o alumnado atopará material relacionado ca materia.
